

PLAN DE TRABAJO DA COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Outubro 2023

CEIP Plurilingüe WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
A Coruña

INDICE

1. NORMATIVA

2. INTRODUCCIÓN.

3. ANALISE DO CONTEXTO

4. OBXECTIVOS

5. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

1. NORMATIVA

O presente plan de traballo foi elaborado segundo as indicacións da **ORDE do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

2. INTRODUCCIÓN

A **Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a la violencia**, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou a titularidade do centro.

A **Estratexia galega de convivencia escolar 2025** recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza dita coordinación nos centros educativos, estableceranse os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de maneira que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

A **ORDE do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia define a figura de coordinación e establece directrices para este plan de traballo, que se incluírá dentro do plan de convivencia do centro.

3. ANÁLISE DO CONTEXTO.

O CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez é un centro público e por tanto baixo titularidade da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

É un centro de Liña 2 (salvo en 5º EP que é L3) que escolariza entre 430-450 alumnos, dependendo da matriculación. Nos últimos anos viuse bastante incrementado tanto o alumnado procedente do estranxeiro como alumnado con necesidades educativas especiais.

No entro á conflictividade e moi escasa, tanto que se reduce a pequenas infraccións e faltas leves que non transcenden o ámbito da aula e que por tanto resólvense en titoría. Aínda que conta cunha aula de convivencia, utilizouse en moi contadas ocasións.

Tal e como se recolle no Plan de convivencia, levan a cabo diferentes estratexias para favorecer a convivencia no centro: Normas de aula consensuadas co alumnado, asemblea, contratos de aprendizaxe etc.

Partindo desta realidade, é política de centro continuar na liña de levar a cabo diferentes actuacións que contribúan a manter esta escasa ou nula conflictividade, e por iso, para o curso 2023/2024, desde a coordinación de benestar emocional e convivencia, propóñense os obxectivos que se detallan a continuación.

4. OBXECTIVOS

Durante o curso 2023/2024, priorizaranse os seguintes obxectivos:

1. Identificarse ante a comunidade educativa como referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no centro.

2. Incorporar no PAT contidos destinados ao coñecemento e expresión das emocións.
3. Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
4. Identificar tempranamente ao alumnado vulnerable e posibles situacións de violencia e/o acoso.
5. Establecer unha canle de comunicación áxil e eficaz para que o alumnado poida notificar de forma anónima situacións de acoso escolar dos que sexan testemuñas.
6. Visibilizar e poñer en valor a diversidade de culturas que están presentes no noso centro.
7. Implementación de premios de convivencia positiva para o alumnado que axudou a xerar un ambiente positivo de aprendizaxe e benestar no centro?

Traballaranse a través das seguintes accións:

ACCION	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Implementar e Incluir no PAT o Proxecto “Autorretrato” – coñecemento das emocións nun mesmo e nos outros– Photocall emocional.-	Titores/as, coa colaboración do departamento de orientación.	Todo o curso – unha sesión ao mes.

Realizar Sociogramas en todas as aulas de educación primaria	Orientadora	Primeiro e segundo trimestre
Instalación dun buzón para a comunicación anónima de situacións de acoso	Secretaría, Personal de mantemento	Primeiro trimestre
Realización de murais de aula que reflectan a diversidade existente nas mesmas (“Somos iguais, somos diferentes”).	Titores/as, coa colaboración do departamento de orientación.	Segundo trimestre
Realización dun Mural de centro/cartelería en diferentes espazos que visibilice a diversidade de países de orixe do noso alumnado.	Claustro	Todo o curso
Implementación dos premios de convivencia positiva para o alumnado que axudou a xerar un ambiente positivo de aprendizaxe e benestar no centro.	Equipo directivo en colaboración coa comisión de convivencia e titores/as do centro	Todo o curso

5. AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DO PLAN

Este plan será revisado e actualizado ao longo de todo o curso co fin de melloralo e adecualo á realidade tanto do centro como do curso escolar. Ao final de cada trimestre valoraranse as accións de cada ámbito en base aos seguintes indicadores:

	Sen traballar	En proceso	Completada - retomar	Completada
Acción 1				

Ademais incluírase na avaliación unha proposta de melloras con aquelas accións que:

- Necesitan volver repetirse o próximo curso,
- Necesiten modificación ou
- Xa non sexa necesario realizalas (tanto porque xa se conseguiron como porque non funcionaron como estaba previsto).